

I TRIÁTLON DE MENORES DE NIGRÁN 2018

REGULAMENTO

Organiza:

Triatlón Mar de Vigo

Concello de Nigrán

Email: correo@triatlonmardevigo.es

Persoa de contacto: Lorena García Teléfono: 617090608

Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno

Patrocina:

Concello de Nigrán

Colaboran:

Policía Local

Protección Civil

Secretaría Xeral para o Deporte

Datas e horarios das carreiras:

Sábado 19 de Maio de 2018

Saída proba benxamín ás 14:30

Saída proba alevín ás 14:55

Saída proba infantil ás 15:35

Saída proba cadete ás 16:25

Hora de remate da proba: 17:25 horas aproximadamente

Distancias:

Categoría benxamín : 100 m de natación – 2 Km en bicicleta (1 volta) – 500 m a pé (1 volta pequena) Categoría alevín: 200 m de natación – 4 km en bicicleta (2 voltas) – 1000 m de carreira a pé (2 voltas)

Categoría infantil: 400m de natación – 8 km en bicicleta (4 voltas) – 2000 m de carreira a pé (2 voltas)

Categoría cadete: 750m de natación – 10 km en bicicleta (5 voltas)– 2500 m de carreira a pé (3 voltas)

Inscripcións: Gratuíta

Prazo: ata o martes 15 de Maio

Forma de inscrición:

Proba aberta (sen clasificación previa), reservada a Federados con licenza galega

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon www.fegatri.org, no apartado Regulamentos/Inscripcións.

CLUBS.- Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana Regulamentos/Inscripcións e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas)

DEPORTISTAS INDIVIDUAIS.- Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento. Baixas: As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo de inscrición estas non admiten modificacións

Cada club deberá designar un Técnico/Delegado, responsable do Club fronte calquera incidencia da competición. Os seus datos, cun número de teléfono de contacto, serán comunicados ao email fegatri@hotmail.com. Para poder validar a inscrición na proba

Baixas

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes das 20:00 h. do mércores anterior á proba.

As baixas non comunicadas en prazo terán unha penalización de 5€ por deportista que serán facturados ao club, ao final de cada tempada

-No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición. Estas serán anuladas e non se farán devolucións.

PUBLICACIÓN LISTAS DE INSCRITOS:

Publicación lista provisional: o xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de inscritos (esta admite reclamacións cando na listaxe se da algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas no listado, ...). É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo. Publicación lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

Saída, transición e meta:

Praia América- Nigrán

Recollida de dorsais:

Na carpa de organización ó carón da transición desde 45´ antes do comezo da proba ata 10´ antes de cada saída.

Premios:

- Trofeos para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría masculina e feminina
- Trofeos para os tres primeiros clubs.

Todos os que rematen a proba recibirán un agasallo conmemorativo da proba

"Art.8.6 Regulamento de Competición FEGATRI.- Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono"

Normas de competición

A carreira rexerese segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición das Federaci3ns Galega e Española de Tríatl3n.

[Ver Normativas FETRI 2018](#)

[Ver Regulamentos FEGATRI](#)

[Reglamento Oficial de Competición FETRI](#)

[Reglamento Triatl3n de Menores 2018](#)